baratz | ODA

# Asasinato no Consello Nacional /

Ameixeiras, Diego

Xerais,
2010

Monografía

Un encarapuchado asasinou de tres disparos a Mario Dacosta, parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, cando saía da reunión do Consello Nacional no que a executiva, co seu voceiro á cabeza, Óscar Quiroga, presentou a súa dimisión. Os feitos aconteceron pouco despois das seis da tarde, cando Dacosta se dispuña a arrincar o seu coche, estacionado no aparcadoiro do Hotel Congreso de Santiago de Compostela. Segundo fontes da Delegación do Goberno, o pistoleiro achegouse ao parlamentario e asestoulle tres tiros, fuxindo posteriormente nun vehículo Renault Clio. Un dos disparos impactoulle na cabeza, provocándolle a morte. Os servizos sanitarios trataron de reanimalo no lugar do crime, sen éxito, durante media hora. O presidente en funcións da Xunta de Galiza, Felipe Méndez Tarrío, cualificou o suceso de $1! @(Batentado contra a democracia$1 (B. O vicepresidente Óscar Quiroga, amosouse $1! @(Bconmocionado$1 (B e afirmou que $1! @(BGaliza saberá estar á altura das circunstancias$1 (B ante un asasinato $1! @(Bque enche de rabia a todos os demócratas, e especialmente aos nacionalistas galegos$1 (B. Fernando Xelmírez, secretario xeral UPG, partido integrado no Bloque e no que o parlamentario militaba dende 1982, amosouse conmocionado polo suceso e cualificou a Dacosta de $1! @(Bcamarada insubstituible e extraordinario patriota galego$1 (B. Horas antes do crime, Óscar Quiroga anunciara a súa dimisión ao comezo do consello nacional da formación frontista, conclave no que tamén presentou a súa renuncia toda a executiva. Abríase así unha nova etapa despois da derrota sufrida nos comicios autonómicos do 1 de marzo, cuxos resultados devolveron a maioría absoluta ao Partido Popular en detrimento do bipartito formado por PSdG-PSOE e BNG. Alberto Cudeiro, un detective elegante con ínfulas taoístas, recibirá da dirección do BNG o encargo de investigar este crime, que o levará, tamén, a resolver un enigma relacionado coa guerra civil

https://rebiunoda.pro.baratznet.cloud:38443/OpacDiscovery/public/catalog/detail/b2FpOmNlbGVicmF0aW9uOmVzLmJhcmF0ei5yZW4vNDgxMDgyNQ

**Título:** Asasinato no Consello Nacional Diego Ameixeiras

**Editorial:** Vigo Xerais 2010

**Descripción física:** 371 p.

**Mención de serie:** Narrativa (Edicións Xerais de Galicia)

**ISBN:** 978-84-9914-171-8

**Punto acceso adicional serie-Título:** Narrativa (Edicións Xerais de Galicia)

**Baratz Innovación Documental**

- Gran Vía, 59 28013 Madrid
- (+34) 91 456 03 60
- informa@baratz.es